

once

máis

15

poemas musicados



Edición a cargo de Francisco Villegas Belmonte

Primeira edición, 2009

© dos autores: Alfonso Pexegueiro, Álvaro Cunqueiro, Antón Lopo, Celso Emilio Ferreiro, Daniel Salgado, Darío Xohán Cabana, Grupo de comunicación poética Rompente, Luís Pimentel, Manuel María.

© dos músicos: Anxo Rei, Ataque Escampe, David Taboada, Elanor, Fanny e Alexander, Fucoxabier, Julian Ross, Meiga do Norte, Miguel Alonso, Miguel A. Suárez, Nao, Roberto Sobrado e Banda, Snail, Xurxo Mares, zimmer103.

CD MASTERIZADO EN SONS DAVILA POR CÉSAR MARTÍNEZ.
É UNHA PRODUCCIÓN DA ASOCIACIÓN MusicARTE,
DIRIXIDA POR MIGUEL ALONSO,
PARA EDICIÓNS DO CUMIO.
(<http://asociacionmusicarte.blogspot.com>)

Produción: Miguel Alonso
Axudante de produción: Víctor Méndez
Produción executiva: Cándido Meixide
Maquetación: Rosa Escalante Castro

© da edición:
Edicións do Cumio, S. A.
A Ramalleira, 5 - 36140 Vilaboa (Pontevedra)
Tel. 986 679 035
cumio@cumio.com / www.cumio.com

© Reservados todos os dereitos.

De conformidade co disposto na lexislación vixente, o contido desta obra está protexido pola lei. Está prohibida a reprodución ou plaxio, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, fixada en calquera tipo de soporte, sen a preceptiva autorización por escrito.

ISBN: 978-84-8289-270-2
Depósito legal: VG 667-2009
Impresión: C/A Gráfica
Impreso en España

Índice

Prólogo	5
Alfonso Pexegueiro	
<i>Se has de chorar</i> por zimmer103	9
Álvaro Cunqueiro	
<i>Nos ollos teus</i> por Miguel Alonso	13
Antón Lopo	
<i>Ningún lugar seguro</i> por Ataque Escampe (Galegoz Remix)	17
Celso Emilio Ferreiro	
<i>Longa noite de pedra</i> por Miguel A. Suárez	21
<i>Non</i> por Xurxo Mares	23
Daniel Salgado	
<i>Autopoética in progress</i> por Fanny e Alexander	27
Darío Xohán Cabana	
<i>Cantarche hei amiga</i> por Anxo Rei	31
Grupo de comunicación poética Rompente	
<i>A dama que fala</i> por Roberto Sobrado e banda	35
Lúis Pimentel	
<i>Cunetas</i> por Snail	39
Manuel Curros Enríquez	
<i>Ai!</i> por Meiga do Norte	43
<i>A Rosalía de Castro</i> por Julian Ross	45
Manuel María	
<i>Outono</i> por David Taboada	49
<i>Canción para cantar todos os días</i> por Elanor	51
Rosalía de Castro	
<i>Cantan os galos pro día</i> por Fucoxabier	55
<i>A xustiza pola man</i> por Nao	59

Prólogo

Once máis 15 pode semellar unha operación matemática sinxela, unha simple suma entre números de dous díxitos, pero por forza ten que ser algo máis cando o resultado non é vinte e seis senón algo máis succulento. O resultado é este libro con CD que agora tes entre as mans, froito da conxunción entre once poetas galegos de todos os tempos e quince grupos da escena musical actual. Nesta suma, versos que van dende Rosalía e Curros ata Antón Lopo e Daniel Salgado convértense en cancións por virtude dun elenco variado de músicos no que conviven a electrónica, o pop, o rock de diversa inspiración e case todos os estilos imaxinables.

A súa intención é ser unha mostra do fecundo panorama musical que nos rodea e que, nesta ocasión –que non é a primeira para moitos deles–, toma da man o xénero máis prolífico das nosas letras para recuperar ou recoñecer as súas palabras como parte fundamental da nosa bagaxe.

E dado que os poemas son a fonte de inspiración destas cancións, e que o lugar que primeiro imaxinaron os escritores para os seus versos foi o libro, neste recóllense as versións orixinais dos textos, aquelas que serviron como punto de partida para os músicos, malia que non sempre chegasen ao final da viaxe tal e como o poeta as pensou. Porque niso tamén está a fermosura deste proceso creador e recreador; na transformación que a música exerce sobre a palabra.

Aquí queda, pois, esta suma de enerxías que nunca sería posible sen o calculado empeño e coordinación de Miguel Alonso e a asociación MusicARTE, pois eles andan por detrás de todos estes números e letras.

María Lado

Poemas musicados



zimmer103

O bafo quente dos microchips

Contaminados por estímulos coma terra amasada nos ollos, mil agullas conectannos por empates electrónicos invisíbeis. A modernidade que nos envolve e nos fire tamén sofre cando empuñamos a ironía con carraxe pop. Desde as lameiras frías do norte ás seis da mañá, desde os semáforos mexados en verde polas rúas que cocen o pan de cada día, desde as obras que sangran tubos e coches facendo o amor, co bafo quente dos microchips, coa lingua pornográfica dos ceros e os uns, co código binario da carraxe e da elegancia, a cultura popular colle da man e gaña o pulso á modernidade apodrecida do discurso único. Quérennos tristes, queimados, enlamados no gasoil do desengano: a resposta pop, corpo a corpo, democrática e popular, desde os cuartos escuros do Instituto Galego do Son. Future Sounds of Galician Pop Army. zimmer103, ese francotirador que non ves e che dispara.

Xavier Campos.

Se has de chorar

Letra: Alfonso Pexegueiro

Música e arranxos: zimmer103

Gravado nos estudios Grozni (Ribadeo)

Se has de chorar

Se has de chorar, chora cos puños acendidos
e o corazón listo para as novas

se has de chorar, pendúrate da lúa
e deixa os teus pés na primavera dos días.

Se has de chorar, que as bágoas
non atopen o porqué do pranto.

Se has de chorar...

Afonso Pexegueiro
BLASFEMIAS DE SILENCIO

Alfonso Pexegueiro

Naceu en Angoares (Pontearreas), o 19 de abril de 1948. Iniciou a súa actividade literaria en Galicia no ano 1975 coa creación do Grupo de Comunicación Poética Rompente. Entre 1976 e 1978 traballou na redacción da revista infantil e xuvenil Vagalume. Fundador en 1980 xunto con outros escritores da Asociación de Escritores en Lingua Galega, foi o seu secretario ata xuño de 1985. Como secretario da AELG coordinou a revista Escrita e impulsou o I Congreso de Escritores en Lingua Galega, así como o GALEUSCA, Encontros de escritores vascos, cataláns e galegos. Deu numerosos recitais de poesía. E colaborou en prensa con artigos de opinión, e sobre arte e literatura. Desde 1985 ata 2000 residiu en Barcelona. Actualmente reside en Galicia.

En 1997, participou no Festival Internacional do Teatro Grec de Barcelona, con *Blasfemias de silencio*: unha antoloxía de poemas levados á escea e recitados pola actriz Lina Lambert mais polo autor, acompañados pola arpista da Orquesta Sinfónica de Barcelona Magdalena Barrera, con dirección de Teresa Vilardell.

No 2005 edita un CD sobre A illa das mulleres loucas (que acompaña ao libro editado por Galaxia), con música de Anxo Pintos (zanfona) e Quico Comesaña (arpa).

Entre as súas obras poéticas destacan outros títulos como *Círculos de auga* (1979), *Mar e naufraxio* (1978), *O pabellón das hortensias azuis* (1983), *O Reiñeñor dos Balcáns* (1994) e *¿Serán os cisnes que volven?* (1995), títulos que no ano 2000 aparecerán recompilados nun só volume baixo de nome *Blasfemias de silencio*. Tamén é autor do conto infantil *O lago das garzas azuis* (2004), ilustrado polo pintor Xosé Freixanes, con quen editou así mesmo o cartafol en serigrafía *Fantasia (extracto) del jefe de los lagartos*. Os libros *Seraogna*, reeditado no 2005 e *Hipatia* (1998), co que obtivo o premio da Crítica de Galicia, son os títulos que máis sona lle deron dentro da literatura galega.

Miguel Alonso

... A música é unha constante busca, probar algo novo. Nunca ficar nun son, nun xeito de facer as cousas. A construción é o que define o proceso creativo. Os temas xorden timidamente, coma un bosquejo, só uns pequenos trazos, para chegar a un resultado increíblemente completo, inesperadamente diferente. Mil ideas aparecen no proceso de creación de cada canción, e vanse incluíndo nela coma se tivesen un oco natural agardándoas. E inevitablemente quedan moitas fóra. Pero permanecen nalgún lugar, e delas nace un novo tema, xorde un novo proceso, continúaase construíndo...

Irene Quinteiro.

Nos ollos teus

Letra: Álvaro Cunqueiro

Música: Miguel Alonso

Voz, guitarras acústicas, armónica e teclados: Miguel Alonso

Baixo: Víctor Méndez

Batería: Rubén Uahu

Gravado en Pequeno Desastre Records e Sons DaVila por Miguel Alonso e César Martínez respectivamente

Mesturado en Sons DaVila por César Martínez

Arranxos: Miguel Alonso, Víctor Méndez e Rubén Uahu

Producido por Miguel Alonso

Fotografía: Javier Quinteiro Blanco

Nos ollos teus

I

Polos teus ollos quen pasou, amiga,
Deixou unha ollada de amor perdida.
Deixou de amor perdida unha ollada,
Polos teus ollos quen pasou, amada.

Nos ollos teus, nos ollos teus.

Cinza levas nos ollos, amiga,
Daquela ollada de amor perdida.
Borrallo levas nos ollos, amada,
Que non miraches a quen te ollaba.
Nos ollos teus, nos ollos teus.

II

Adolescencia de aramios quixo ter.
Mollou os ollos na risa pra ver ben.
Adolescencia de aramios foi ruar.
Voltou co sono perdido e un mirar de luar.
Por el chorar.

Álvaro Cunqueiro

CANTIGA NOVA QUE SE CHAMA RIVEIRA



Álvaro Cunqueiro

Escritor, xornalista e académico nacido en Mondoñedo en 1911. Na botica de seu pai tivo a oportunidade de entrar en contacto coas historias e os tipos populares. En 1922 trasladouse a Lugo para cursar o Bacharelato, e máis tarde a Compostela para estudar Filosofía e Letras, onde se decantou polas lecturas e as tertulias. Descubriu así a obra de autores como Yeats, Rilke, Breton ou Verlaine.

Malia que comezou a súa actividade como poeta –con obras encadrables dentro do vangardismo como *Mar ao Norde*, *Poemas do si e do non* e *Cantiga nova que se chama Riveira*– Cunqueiro destacou principalmente como narrador e mesmo autor de teatro. A súa actividade como xornalista tamén foi salientable, exercendo durante varios anos como director de Faro de Vigo. Ingresou na Real Academia Galega no 1963, foi Doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago de Compostela, e entre outros moitos recoñecementos, no 1991 dedicóuselle o Día das Letras Galegas.

Das moitas obras que publicou, destacamos en narrativa *As crónicas do Sochantre*, *Escola de Menciñeiros e fábula de varia xente*, *Merlín e familia e outras historias* e *Si o vello Simbad volvese ás illas*. Como dramaturgo escribiu as pezas *O incerto señor D. Hamlet*, *príncipe de Dinamarca* e *A noite vai coma un río*.